

GUÍA DOCENTE DE **NOTACIÓN E TABLATURA I-III**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: NOTACIÓN E TABLATURA I-III										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO				Guitarra	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.		3	3	3					Observacións:	
									Guitarra	
									1'5h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento, lectura, transcripción dos diferentes tipos de tablatura para instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco. Coñecemento teórico-práctico da ornamentación empregada, interpretación deste repertorio e criterios de interpretación.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. Para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Relacionada co Instrumento e coa disciplina de Improvisación e acompañamento e Notación e Tablatura.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T7, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X6, X11, X13, X19, X21, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI 5, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os diferentes tipos de notación existente para instrumentos antecesores da guitarra clásica.	Todas
Leer con soltura os diferentes sistemas de notación renacentistas e barrocos.	Todas
Desenvolver a capacidade de procura de solucións técnicas para os diferentes problemas que se lle vaian suscitando, ampliando os seus propios recursos técnicos. Desenvolver a capacidade crítica ante outras transcripcións xa realizadas por diferentes autores.	Todas
Transcribir obras orixinais do repertorio renacentista e barroco para vihuela, laúde, guitarra renacentista e barroca, desenvolvendo o criterio persoal para respectar os elementos esenciais e característicos de cada autor.	Todas
Valorar a importancia do achegamento ao repertorio renacentista e barroco a través das propias transcripcións dos orixinais.	Todas



4. CONTIDOS

Historia da Notación para guitarra e outros instrumentos antecesores da mesma: Achega ao repertorio do período renacentista escrito para vihuela, laúde, guitarra renacentista e guitarra barroca.

Estudo dos procedementos principais de notación para vihuela, laúde, guitarra renacentista e guitarra barroca nos principais países da xeografía europea. Lectura a vista e transcrición dos distintos tipos de tablatura renacentista de vihuela, laúde, guitarra renacentista e guitarra barroca conservadas deste período.

Estudo crítico das principais transcricións históricas realizadas por outros autores de obras orixinais para vihuela, laúde, guitarra renacentista e guitarra barroca incorporadas ao repertorio habitual da Guitarra.

Realización en notación actual dunha tablatura ou sección dunha tablatura de cada un dos estilos existentes e traballados na aula do S. XVI ou XVII, según corresponda co traballado no cuadrimestre.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*